



NO
NADAL
HAI MIL COUSAS
QUE PODES PEDIR AOS
REIS MAGOS OU A PAPÁ NOEL
E ...MOI BOAS RAZÓNS PARA
QUE SEXA
UN
LI
BRO.



BIBLIOTECA CEIP O RAMO



Que lle ides pedir aos Reis?



**CASCABEL QUERE AXUDARVOS
A FACER A CARTA**



**EDUCACIÓN PRIMARIA
3º CICLO**



Lúa de Senegal. Agustín Fernández Paz. Ed. Anaya.



Khoedi é una senegalesa de dez anos, que conta a súa alegría por atopar a lúa no ceo, despois de días de nubes. É a mesma que deixou no seu país uns días antes de virse para Vigo coa irmá e coa nai, para reunirse co pai, que por fin poido traelas xunto a el.

Valados. Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais.



Helena e Xoel son amigos inseparables. Na súa vila comezan a suceder feitos que os desacougan. Axiña se erguen altos valados para separar e illar unhas persoas doutras. Valados visibles, e tamén invisibles, que afastan a Xoel e a Helena. Os dous terán que idear mil e unha artimañas para manter viva a intensa amizade que os une.

O pazo máxico. Pedro Volta. Baía Edicións.



Son moitos os nen@s que soñan con ser magos e protagonistas de historias fantásticas. Se ti es un deles, con este libro poderás facer realidade os teus soños e vivir unha aventura alucinante nun pazo máxico oculto nun bosque secreto, onde te converterás nun auténtico aprendiz de mago.



Genealogía de una bruja. Sebastián Pérez/ Benjamín Lacombe.

Ed. Edelvives.

Contén un álbum ilustrado e un libro de bruxas e feitizos.

A lagoa das nenas mudas. Fina Casalderrey. Ed. Xerais.



É un relato da emigración, o rexeitamento e as dificultades que sofren moitos emigrantes. A amizade de Amina e Ío amosa que, tantas veces, a posibilidade da comunicación está por riba das palabras. A convivencia no eido escolar, a comunicación extralingüística ou o coñecemento da cultura africana son algúns dos temas abordados nesta formidable novela.

Ás de mosca para Anxo. Fina Casalderrey. Ed. Xerais.



Estrela, unha nova alumna do derradeiro curso de primaria -que recibe clases de apoio-, demostrará ós seus compañeiros de colexio, a súa familia e... a todo o mundo que o máis importante é ter un gran corazón.

E COMA NON NOS ESQUECEMOS DE NINGUÉN

AHÍ VOS VAN ALGUNHAS SUXERENCIAS PARA


PAIS, AVÓS, TÍOS...



Contra el viento. Ángeles Caso. Ed. Planeta.

Premio Planeta 2009.

Narra a historia dunha rapaza de Cabo Verde que, despois de moitos infortunios, emigra a Europa, onde, primeiro en Portugal e logo en España, a vida non deixa de maltratala. É unha novela chea de sensibilidade para lectores ávidos de aventura e emoción.



A praia dos afogados. Domingo Villar.

Esta apaixonante novela de intriga, mergulla ao lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.

O curioso incidente do can á media noite. Mark Haddon. Rinoceronte.



Christopher é un experto en ciencias e matemáticas, pero ten dificultades para relacionarse con outras persoas. Unha noite atopa ao can da veciña, atravesado por unha forza de xardín, e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino. Mentres leva a cabo as súas pescudas, cuestionará a lóxica do mundo que o rodea e desvelará certos misterios que van alterar a súa vida metódica e ordenada.